

AS RAZÓNS DO Z PARA PASAR Á GLORIA

¿ De que argumentos dispón o Z para mover a paixón da xente? O nome do país leva vintecinco anos de discusión e as últimas novas sobre a normativización de “Galiza” traen o debate definitivamente ao espazo público. Tal vez, ao falar destas cuestións, os argumentos lingüísticos son os menos, pero os do “manifesto Galiza” apuntan cara o pasado, así que parece irremediable escarvar nas entrañas do idioma.



En principio, as palabras que no latín que se falaba na Gallaecia acababan en -cia, deben dar en galego palabras rematadas en -za, é o que se denominan palabras patrimoniais. Pero houbo outras palabras que ben porque non se usaban moito ou porque entraron máis tarde no idioma, deron en rematar en -cia, son as

denominadas cultismos e semicultismos.

Nos textos medievais, que son o que máis atrás nos podemos remontar en galego, aparecen as dúas palabras: Galiza e Galicia. Pero nos escritos atopados no medievo non é estraño que unha mesma persoa empregue aquí e acolá as dúas formas, polo cal non nos poden indicar con seguridade o que falaba a xente, senón que unicamente formular hipóteses e aproximacións: os feitos demostran que estaba máis de moda escribir Galiza nos primeiros textos.

Cando despois dos “Séculos Escuros” se volve a escribir no noso país, a palabra que se conserva é Galicia. Ata o século XX non se coñecía que o galego tivera unha época dourada na Idade Media e sabelo deu pé a que se fixeran impor-

tantes esforzos lingüísticos e literarios. Nese momento comeza a popularizarse a forma Galiza entre os intelectuais e nace a “Historia de Galiza” de Otero, e , máis tarde, “Sempre en Galiza” de Castelao.

En 1982, dictaminouse que a forma moderna sería Galicia. Sen embargo Galiza seguiu camiñando ao seu carón ao longo do tempo e, hoxe en día, impónse como unha optativa seria e con historia. Usando Galiza no canto de Galicia conseguírase restaurar a normalidade lingüística e diferenciarse respecto do español e, deixando atrás estes aspectos, tamén significaría reforzar a conciencia dos galegos sobre a especificidade do seu país, da súa cultura e do seu idioma.

¿ Que lle deparará o futuro ao Z? Só os galegos temos a resposta.

